


PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

ESTRATEGIA DE ACTUACIÓN, ESTUDO ECONÓMICO, INFORME DE SUSTENTABILIDADE
ECONÓMICA E MEMORIA DE VIABILIDADE ECONÓMICA.

CARPETA 09.EE

INFORME DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA



Outubro 2023

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE NARÓN

1	INFORME DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA.....	2
1.1	AVALIACIÓN DO IMPACTO DA ACTUACIÓN URBANIZADORA NA FACENDA PÚBLICA DO CONCELLO DE NARÓN.....	3
1.1.1	ANÁLISE DA CAPACIDADE FINANCEIRA DO MUNICIPIO DE NARÓN.....	3
1.1.2	ESTIMACIÓN DA CAPACIDADE ORZAMENTARIA E INVESTIDORA MUNICIPAL DERIVADA DA EXECUCIÓN DO PXOM.	5
1.1.3	A RENDIBILIDADE PÚBLICA DA EXECUCIÓN DO PLAN.....	6
1.1.4	CONCLUSIÓNS SOBRE O IMPACTO DA ACTUACIÓN NA FACENDA LOCAL.....	6
1.2	ANÁLISE DA SUFICIENCIA E ADECUACIÓN DO SOLO DESTINADO A USOS PRODUTIVOS.....	6

1 INFORME DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA

Continuando coa estrutura establecida polo Regulamento da Lei do Solo de Galicia (artigo 143), este apartado ten por obxecto definir o informe de sustentabilidade económica, atendendo tanto á avaliación do impacto da actuación urbanizadora na facenda pública local, como na análise da suficiencia e adecuación do solo destinado a usos produtivos.

Ao elaborar o programa de financiamento para proxectos de investimento importantes, como é o caso de aqueles que se leven a cabo na execución dun plan urbanístico, deben terse en conta cales serán os principais axentes implicados neste financiamento, facendo especial fincapé a capacidade das contas económicas e financeiras do Concello para atender ás obrigas económicas que son da súa competencia.

Nese sentido, o propio Concello, mediante os recursos económicos e financeiros que ten dispoñibles actualmente xunto cos que poida xerar na súa actividade ordinaria (aforro neto) e no desenvolvemento futuro coas actuacións reflectidas no PXOM no relativo ao desenvolvemento urbanístico, será o máximo responsable da obtención e xestión dos fondos necesarios para facer fronte ás actuacións que xera este tipo de proxectos. Esta cuestión non é excluínte, en todo caso, de poder considerar a posibilidade de acadar axudas doutros organismos (por exemplo a través de Fondos Estruturais da Unión Europea, ...), ou financiar parte destes proxectos mediante contribucións especiais, cargas de urbanización, recursos patrimoniais, e outras fontes de financiamento.

Así mesmo, o Concello pode recorrer á colaboración coa iniciativa privada ou concertar as operacións de crédito necesarias para completar o financiamento destes proxectos, mantendo en todo caso a estabilidade orzamentaria esixida pola lexislación en vigor.

En calquera caso, o Concello debe ter a certeza de que no futuro, se carecese dalgunha destas vías de financiamento, contará cos recursos xerados pola súa propia xestión municipal para poder facer fronte aos custos xerados por todas as operacións baixo a súa competencia.

O obxectivo principal do presente apartado é, polo tanto, a determinación desta capacidade de asumir os proxectos de investimento e mantemento de todas as infraestruturas e equipamentos previstos no Plan, a partir das previsións dos recursos ordinarios do ente local en exercicios futuros.

1.1 AVALIACIÓN DO IMPACTO DA ACTUACIÓN URBANIZADORA NA FACENDA PÚBLICA DO CONCELLO DE NARÓN

1.1.1 ANÁLISE DA CAPACIDADE FINANCEIRA DO MUNICIPIO DE NARÓN.

A administración municipal, dentro do conxunto das administracións públicas, é a que máis intensamente haberá de implicarse no desenvolvemento da materialización das previsións definidas no plan xeral, que constitúe o “proxecto completo do medio físico do termo”, ao incluírse no mesmo todas as previsións da actuacións a desenvolver para a dotación e a prestación dos servizos básicos e os equipamentos a poboación en condicións adecuadas no horizonte temporal que delimita a normativa vixente. Este horizonte temporal establécese no presente plan en 16 anos en base ao disposto no artigo 68.2.a) do RLSG.

Debido ao anterior, é necesario efectuar primeiramente unha análise da situación financeira do Concello e da súa capacidade investidora en función do seu presuposto de cara a cubrir as obrigas económicas derivadas do planeamento que se propón, e que se cuantificaron en apartados anteriores.

Así, unha vez dispoñibles os datos básicos das liquidacións dos presupostos dos últimos 4 anos e os do Presuposto consolidado definitivo do 2022 (Fonte: Ministerio de Facenda), pódese elaborar a seguinte táboa na que se recolle e evolución orzamentaria do Concello de Narón, analizando os ingresos e gastos recollidos nos exercicios segundo os dereitos e obrigas recoñecidos e liquidados.

		CAPÍTULO DO ORZAMENTO	ESTRUTURA ORZAMENTARIA DO CONCELLO DE NARÓN							
			2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
DEREITOS LIQUIDADOS	INGRESOS CORRENTES	IMPOSTOS DIRECTOS	12.564.430,40	13.526.169,32	13.520.989,47	13.389.125,51	13.454.091,82	13.313.855,08	12.905.148,27	12.813.761,92
		IMPOSTOS INDIRECTOS	- 82.810,99	123.584,38	324.498,81	375.000,00	425.000,00	425.000,00	425.000,00	425.000,00
		TAXAS E OUTROS INGRESOS	5.656.314,28	7.009.759,72	5.843.830,80	5.833.404,71	5.689.800,00	6.134.925,37	5.627.700,00	6.026.317,18
		TRANSFERENCIAS CORRENTES	10.314.442,93	10.337.846,93	11.651.896,78	11.155.743,51	11.738.293,49	12.063.271,33	12.918.579,28	14.184.274,34
		INGRESOS PATRIMONIAIS	130.140,69	68.925,57	33.519,85	72.069,20	70.519,00	70.362,20	79.967,89	73.290,88
	INGRESO DE CAPITAL	ENAXENACIÓN INVESTIMENTOS REAIS	-	925,79	-	-	-	-	-	-
		TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	376.165,16	583.926,23	699.801,14	745.617,13	1.464.219,66	1.342.976,07	2.044.063,74	1.997.151,04
		ACTIVOS FINANCIEROS	32.782,50	27.956,63	16.500,00	90.000,00	70.000,00	70.000,00	70.000,00	70.000,00
		PASIVOS FINANCIEROS	449.095,76	456.722,01	131.333,75	571.788,56	-	-	-	-
		TOTAIS INGRESOS ANUAIS	29.440.560,73	32.135.816,58	32.222.370,60	32.232.748,62	32.911.923,97	33.420.390,05	34.070.459,18	35.589.795,36
OBRIGAS RECOÑECIDAS	GASTOS CORRENTES	GASTOS DE PERSOAL	7.690.332,97	7.779.479,71	7.801.203,59	8.945.473,26	9.133.013,42	9.814.286,40	9.922.439,64	10.643.428,57
		GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	14.045.286,87	14.191.434,27	14.883.410,21	17.324.983,58	16.291.620,71	17.004.519,74	17.302.970,76	17.799.372,32
		GASTOS FINANCIEROS	242.224,04	177.501,98	145.172,96	78.500,00	3.000,00	8.000,00	35.000,00	47.000,00
		TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.172.019,94	1.154.868,90	135.244,28	1.850.834,50	3.567.043,38	3.869.510,32	3.440.741,71	3.678.252,31
		FONDOS DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPR...	-	-	-	-	-	-	80.685,16	-
	GASTOS DE CAPITAL	INVESTIMENTOS REAIS	1.736.981,18	3.526.158,06	2.126.820,43	2.833.123,61	2.954.156,68	2.621.337,76	3.185.886,08	3.351.742,16
		TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	-	100.000,00	4.857,68	533.116,06	893.089,78	32.735,83	32.735,83	-
		ACTIVOS FINANCIEROS	32.782,50	27.956,63	16.500,00	90.000,00	70.000,00	70.000,00	70.000,00	70.000,00
		PASIVOS FINANCIEROS	2.676.660,65	2.599.548,69	1.722.049,66	576.717,61	-	-	-	-
		TOTAIS GASTOS ANUAIS	27.596.288,15	29.556.948,24	26.835.258,81	32.232.748,62	32.911.923,97	33.420.390,05	34.070.459,18	35.589.795,36
		SUPERAVIT/DEFICIT	1.844.272,58	2.578.868,34	5.387.111,79	0,00	0,00	0,00	0,00	

Elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Economía e Facenda

Dos datos reflectidos, pódese concluír unha situación financeira do Concello moi saneada e con suficiente capacidade para responde a posibles requirimentos de atención aos investimentos descritos no PXOM, poñendo claramente de manifesto o feito de que nos anos seguintes críticos da situación económica vivida entre o 2008 e 2013, mantivo unha liña de aforro neto medio no intervalo avaliado do 10% sobre os ingresos correntes, en termos relativos e de 3,8 millóns de euros en termos absolutos anuais.

O seguinte cadro amosa unha análise máis en detalle da evolución do dito superávit corrente das contas municipais:

RATIO / INDICADOR	ESTRUTURA ORZAMENTARIA DO CONCELLO DE NARÓN							
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
TOTAL INGRESOS CORRENTES	28.582.517,31	31.066.285,92	31.374.735,71	30.825.342,93	31.377.704,31	32.007.413,98	31.956.395,44	33.522.644,32
% INGRESOS CORRENTES / TOTAL INGRESOS	97,09%	96,67%	97,37%	95,63%	95,34%	95,77%	93,80%	94,19%
TOTAL INGRESOS DE CAPITAL	858.043,42	1.069.530,66	847.634,89	1.407.405,69	1.534.219,66	1.412.976,07	2.114.063,74	2.067.151,04
% INGRESOS CAPITAL / TOTAL INGRESOS	2,91%	3,33%	2,63%	4,37%	4,66%	4,23%	6,20%	5,81%
TOTAIS INGRESOS ANUAIS	29.440.560,73	32.135.816,58	32.222.370,60	32.232.748,62	32.911.923,97	33.420.390,05	34.070.459,18	35.589.795,36
TOTAL GASTOS CORRENTES	23.149.863,82	23.303.284,86	22.965.031,04	28.199.791,34	28.994.677,51	30.696.316,46	30.701.152,11	32.168.053,20
% GASTOS CORRENTES / TOTAL GASTOS	83,89%	78,84%	85,58%	87,49%	88,10%	91,85%	90,11%	90,39%
TOTAL GASTOS DE CAPITAL	4.446.424,33	6.253.663,38	3.870.227,77	4.032.957,28	3.917.246,46	2.724.073,59	3.369.307,07	3.421.742,16
% GASTOS CAPITAL / TOTAL GASTOS	16,11%	21,16%	14,42%	12,51%	11,90%	8,15%	9,89%	9,61%
TOTAIS GASTOS ANUAIS	27.596.288,15	29.556.948,24	26.835.258,81	32.232.748,62	32.911.923,97	33.420.390,05	34.070.459,18	35.589.795,36
SUPERAVIT/DEFICIT CORRENTE	5.432.653,49	7.763.001,06	8.409.704,67	2.625.551,59	2.383.026,80	1.311.097,52	1.255.243,33	1.354.591,12

Elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Economía e Facenda


Na anterior táboa se pode comprobar como o Superávit corrente mantense en niveis moi destacados, cuns niveis sempre medios de 3,8 millóns de euros o que permite tamén incidir na capacidade do Concello de Narón de atender ás cargas derivadas da conservación e mantemento das actuacións establecidas no PXOM que ocupa.

RATIO / INDICADOR	ESTRUTURA ORZAMENTARIA DO CONCELLO DE NARÓN							
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
% GASTOS CORRENTES CUBERTO CON INGRESOS CORRENTES	123,47%	133,31%	136,62%	109,31%	108,22%	104,27%	104,09%	104,21%
TOTAL CARGA FINANCIERA	2.918.884,69	2.777.050,67	1.867.222,62	655.217,61	3.000,00	8.000,00	35.000,00	47.000,00
CARGA FINANCIERA ANUAL (Intereses + amortización) sobre total ingresos	9,91%	8,64%	5,79%	2,03%	0,01%	0,02%	0,10%	0,13%
AFORRO BRUTO	5.432.653,49	7.763.001,06	8.409.704,67	2.625.551,59	2.383.026,80	1.311.097,52	1.255.243,33	1.354.591,12
AFORRO BRUTO EN % / INGRESOS CORRENTES	19,01%	24,99%	26,80%	8,52%	7,59%	4,10%	3,93%	4,04%
AFORRO NETO ORZAMENTARIO (AFORRO NETO LEGAL)	3.205.088,60	5.620.174,38	6.818.988,76	2.620.622,54	2.383.026,80	1.311.097,52	1.255.243,33	1.354.591,12
AFORRO NETO ORZAMENTARIO % / S/INGR. CORRENTES	11,21%	18,09%	21,73%	8,50%	7,59%	4,10%	3,93%	4,04%
CARGA FINANCIERA	2.918.884,69	2.777.050,67	1.867.222,62	655.217,61	3.000,00	8.000,00	35.000,00	47.000,00
CARGA FINANCIERA % S/ INGRESOS CORRENTES	10,21%	8,94%	5,95%	2,13%	0,01%	0,02%	0,11%	0,14%

Elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Economía e Facenda

Na mesma liña, se pode corroborar tamén coa anterior táboa que o Concello de Narón ten amosado capacidade de xerar un aforro neto de aproximadamente 3,0 millóns de euros.

Na seguinte gráfica pódese observar a evolución do aforro bruto e neto:



Elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Economía y Hacienda

Nesta situación, é evidente e está suficientemente xustificado estimar que o Concello de Narón ten capacidade dabondo para atender, cos recursos correntes propios xerados na actualidade e dos que xa dispón, as esixencias de investimento anual para o desenvolvemento das actuacións do plan xeral que se observan co seguinte horizonte en cada un dos catro cuadrénios:

1º Cuadrénio: 1.330.813,44 € estimando unha aplicación media anual de 332.703 € / ano

2º Cuadrénio: 7.214.435,60 € estimando unha aplicación media anual de 1.803.609 € / ano

3º Cuadrénio: 11.736.548,90 € estimando unha aplicación media anual de 2.934.137 € / ano

4º Cuadrénio: 17.140.837,66 € estimando unha aplicación media anual de 4.285.209 € / ano

En definitiva, estas cifras supoñen unha media anual de 2.338.915 €, é dicir, aproximadamente o 61% do superávit corrente ou do 76% do Aforro neto medio obtido os anos anteriormente avaliados.

Estas cifras xa de por si suficientes para atender á viabilidade do PXOM, non teñen en conta o saldo de ingresos e custos asociados ao desenvolvemento das actividades propias do PXOM aquí avaliado que se verá a continuación.

1.1.2 ESTIMACIÓN DA CAPACIDADE ORZAMENTARIA E INVESTIDORA MUNICIPAL DERIVADA DA EXECUCIÓN DO PXOM.

Como xa se especificou anteriormente, é prudente estimar un investimento anual a cargo do Concello de Narón, derivada das actuacións que asumirá de 2.338.915 €, en base a os ingresos e gastos correntes do mesmo.

Nesa liña, agora se presenta o saldo cuadrienal de custos asociados á execución das actuacións e ás actividades de mantemento de todas as infraestruturas e equipamentos previstos e dos ingresos derivados das mesmas que haberán de ser ingresados respectivamente polo Concello.

ESTIMACIÓN DOS CUSTOS TOTAIS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DO PLAN

TIPOLOXÍA DE CUSTO	TOTALIZACIÓN DE CUSTOS POR CUADRIENIO				
	Q1	Q2	Q3	Q4	TOTAL
CUSTOS ASOCIADOS ÁS ACTUACIÓNS	1.330.813,44 €	7.214.435,60 €	11.736.548,90 €	17.140.837,66 €	37.422.635,59 €
CUSTOS DE MANTEMENTO DE VIAIS	358.560,00 €	997.920,00 €	1.436.400,00 €	655.200,00 €	3.448.080,00 €
CUSTOS DE MANTEMENTO DE ZONAS VERDES	159.360,00 €	443.520,00 €	638.400,00 €	291.200,00 €	1.532.480,00 €
	1.848.733,44 €	8.655.875,60 €	13.811.348,90 €	18.087.237,66 €	42.403.195,59 €

ESTIMACIÓN DOS INGRESOS TOTAIS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DO PLAN

TIPOLOXÍA DE INGRESO	TOTALIZACIÓN DE INGRESOS POR CUADRIENIO				
	Q1	Q2	Q3	Q4	TOTAL
INGRESOS POR ICIO	745.180,85	5.487.381,00	9.124.620,11	18.276.099,01	33.633.280,98
INGRESOS POR IBI	1.031.680,00	2.882.880,00	4.153.760,00	1.878.240,00	9.946.560,00
INGRESOS POR IVTM	476.160,00	1.330.560,00	1.917.120,00	866.880,00	4.590.720,00
	2.253.020,85	9.700.821,00	15.195.500,11	21.021.219,01 €	48.170.560,98 €

1.1.3 A RENDIBILIDADE PÚBLICA DA EXECUCIÓN DO PLAN.

Tras as análises realizadas, e excluindo a evolución política fiscal a medio e longo prazo que desenvolverá o Concello de Narón por non ser competencia do Plan de Ordenación Municipal, pódese concluír que a rendibilidade pública da implantación dos equipamentos públicos competencia da Administración e demais actuacións do PXOM ven dado polo seguinte saldo entre custos e ingresos asociados ao mesmo:

TIPOLOXÍA DE PARTIDA	TOTALIZACIÓN DE INGRESOS POR CUADRIENIO				
	Q1	Q2	Q3	Q4	TOTAL
TOTAL CUSTOS PXOM	1.848.733,44 €	8.655.875,60 €	13.811.348,90 €	18.087.237,66 €	42.403.195,59 €
TOTAL INGRESOS PXOM	2.253.020,85 €	9.700.821,00 €	15.195.500,11 €	21.021.219,01 €	48.170.560,98 €
SUPERÁVIT	404.287,41 €	1.044.945,40 €	1.384.151,22 €	2.933.981,35 €	5.767.365,38 €

Polo tanto, pódese observar como se xera un saldo positivo no conxunto dos cuadrienios observados para o desenvolvemento do Plan.

Todo isto, tendo en conta a potencial e sempre posible monetización parcial do aproveitamento lucrativo de cesión ao Concello avaliado en **40.504.891 €** para o conxunto do horizonte temporal de aplicación do PXOM.

1.1.4 CONCLUSIÓNS SOBRE O IMPACTO DA ACTUACIÓN NA FACENDA LOCAL

Por todo o anteriormente descrito e avaliado, se pode concluír que o impacto sobre a Facenda local coa posta en marcha do conxunto de actuacións e infraestruturas promovidas dentro do PXOM é positivo e plenamente viable, atendendo ao fluxo de ingresos e de custos inherentes ao mesmo.

Por todo o citado anteriormente, o PXOM tal e como está definido é economicamente VIABLE.

1.2 ANÁLISE DA SUFICIENCIA E ADECUACIÓN DO SOLO DESTINADO A USOS PRODUTIVOS

Por último, atendendo ao establecido no apartado 5.b) do artigo 143 do Regulamento da Lei do solo de Galicia, é momento de analizar a suficiencia e adecuación do solo destinado a usos produtivos, vendo a asignación e intensidade edificatoria das actuacións destinadas a uso produtivo.

É evidente pensar que o PXOM ten que prever unha tendencia coherente e xustificativa do solo destinado a actividades económicas no Concello de Narón, na busca dun desenvolvemento territorial máis complexo e equilibrado economicamente falando, favorecendo a coexistencia entre o uso espacial para vivenda e para actividade económica.

Isto incide claramente coa competencia dos Concellos, e así o entende e asume tamén o Concello de Narón, segundo se establece no artigo 7 da Lei 5/2017, de 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia:

“No exercicio das súas competencias relacionadas coa implantación de iniciativas empresariais, os concellos, en coordinación coa Administración xeral da Comunidade Autónoma:

a) No marco das previsións do Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia, destinarán solo adecuado e suficiente para a implantación de iniciativas empresariais e favorecerán, coas infraestruturas, equipamentos, dotacións e servizos que sexan precisos, a localización de actividades económicas xeradoras de emprego estable, especialmente aquelas que faciliten o desenvolvemento da investigación científica e de novas tecnoloxías, mellorando os tecidos produtivos, por medio dunha xestión intelixente, e tendo en conta as singularidades ou especiais características singulares de cada zona.

b) Avaliarán periodicamente os efectos e os resultados obtidos pola normativa municipal aplicable á implantación de iniciativas empresariais e tramitarán, de ser o caso, propostas de simplificación e eliminación das cargas administrativas innecesarias ou accesorias vinculadas a aquela.

c) Racionalizarán o sistema tributario municipal para o fomento da implantación de iniciativas empresariais, coa previsión dos oportunos incentivos fiscais."

Tal e como se ten mencionado na memoria informativa, o Plan Sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOATEG) está en vigor dende maio de 2014. No PSOATEG recóllense as seguintes actuacións industriais no ámbito territorial do Concello de Narón:

Polígono Industrial Enseada da Gándara (Concellos de Ferrol e Narón).

Polígono Industrial As Lagoas (Concello de Narón).

Polígono Empresarial Río do Pozo Fases I, II, III e IV (Concello de Narón).

Polígono Industrial A Boeira (Concellos de Valdoviño e Narón).

Neste sentido, o polígono industrial de téñense convertido nos principais asentamentos industriais de referencia, no só do concello de Narón senón tamén na Comarca de Ferrolterra, conformando uns espazos cunhas dotacións equilibradas e expansivas de carácter supramunicipal e comarcal, servindo de base para a expansión industrial e empresarial do Concello.

No ámbito das paulatinas actuacións do Río do Pozo, a Sociedade Entidade Pública de Empresarial de Solo (SEPES) é, o principal promotor de solo industrial no municipio de Narón en estreita colaboración co Concello, tendo publicado na actualidade a dispoñibilidade das últimas parcelas no Sector I e III (5.370 m² e 3.600 m² respectivamente) ás que hai que sumar as 60 parcelas dispoñibles (segundo a información do SEPES) no Sector IV.

A estas unidades, tense que engadir as actuacións previstas e definidas neste PXOM para reforzar o posicionamento e a aposta polo Concello no desenvolvemento de iniciativas produtivas xeradoras de emprego, tal e como se indica a continuación:

CÓDIGO	USO	SUPERFICIE		
		BRUTA (m ² solo)	EDIFICAB. (m ² /m ²)	EDIFICABLE (m ² const)
SUB-01	TERCIARIO	38.675	0,7	27.072,50
SUB-02		133.336	0,7	93.335,20
SUB-04		164.880	0,7	115.416,00
TOTAL		336.891		235.823,70
SUB-05	INDUSTRIAL	58.361	0,6	35.016,60
SUB-06		234.409	0,6	140.645,40
SUB-07		555.274	0,3	166.582,20
SUB-08		723.280	0,3	216.984,00
TOTAL		1.629.919		559.227,60
TOTAL	PRODUTIVO	1.966.810		795.051,30

En resumo, o PXOM clasifica solo para desenvolver actuacións de uso terciario cunha superficie de 336.891,00 m²s cunha superficie construíble de 235.823,70 m²c. No referente ao uso industrial prevese unha nova superficie para engadir á xa importante proporción de uso dispoñible a día de hoxe de 1.629.919 m² de solo nos que se se poden construír 559.227,60 m²c. Resulta pois evidente, que a proporción de solo produtivo é mais que suficiente de acordo ás necesidades actuais e futuras derivadas do propio desenvolvemento do plan, que adecúa crecemento residencial e de actividades económicas e xeración de emprego tal como se expón na memoria xustificativa.

En calquera caso, debemos recordar que o tratamento dos solos produtivos responde a unha aposta decidida deste plan xeral. Trátase máis dunha decisión estratéxica de futuro que do traslado ao documento dunha necesidade cuantificada de solo para actividades produtivas; necesidade que en todo caso é moi difícil de valorar máis aló do curto prazo, xa que depende de múltiples factores de escala, incluso mundial, imposibles de prever, como nos ensinaron as últimas crises e a pandemia. Por isto, o PXOM opta por concibir as reservas para solo de actividades produtivas como unha política estratéxica a medio e longo prazo, concentrándoas en localizacións ben comunicadas e con potencialidades distintas que favorezan a implantación dun tecido económico diversificado.

Asinado en A Coruña en outubro de 2023

Alfredo Garrote Pazos. Arquitecto

Director dos traballos de redacción do PXOM

Valerio González Somoza. Arquitecto
Codirector dos traballos

Iria Pérez Miranda. Arquitecta
Codirectora dos traballos